


Almanaque Agrícola

ano
LXX



Ano 2022



Ponte do Barqueiro
sobre o río Sor
(A Coruña-Lugo)

syngenta



Taegro[®]

Naturalmente protexido

O novo biofungicida natural e sostible para o control preventivo de oídio e botritis en viña e uva de mesa, sen prazo de seguridade nin LMR



Taegro[®]

syngenta[®]

© 2021 Syngenta. Todos os dereitos reservados.

™ y ® son marcas comerciais do Grupo Syngenta.

Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.

Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto antes de usalo.


Índice

Agroquímicos para a protección e coidado de sementes	4		
Rescatando anacos do noso pasado: Feixoa	8		
Rescatando un anaco da nosa cultura: "O oficio de Cesteiro"	12		
Convocatoria novo certame: "Os faros e os fareiros"	24		
As nosas castes de vide: A variedade "Ratiño"	26		
Xaneiro	30	Santiago	42
Febreiro	32	Agosto	44
Marzo	34	Setembro	46
Abril	36	Outubro	48
Maio	38	Novembro	50
San Xoán	40	Nadal	52
Flores da Operación Polinizador	55		
Guía de tratamentos viñedos galegos	58		
Catálogo de produtos ecolóxicos para a vide	60		
Tratamentos das froiteiras de carabuña	65		
Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras	66		
Tratamentos de invernadoiros e hortas	68		
Tratamentos das patacas	70		
Tratamentos do millo e outros cereais	72		
O Parque Natural: ZEPA Ría de Ortigueira e Ladrado	73		
Feiras gastronómicas	80		
Catálogo xeral de produtos fitosanitarios	87		
Contos	116		
Valor dos ferrados galegos en metros cadrados	118		
Enderezos dos nosos colaboradores	122		



a nosa fábrica

Agroquímicos para a protección e coidado de sementes



Extensión da superficie en planta superior para acumulación de produtos sólidos.

Dentro do catálogo de produtos de Syngenta, unha parte importante son os agroquímicos para a protección e coidado de sementes. Estes produtos son formulacións modernas e avanzadas, das que se están a desenvolver e aprobar novas combinacións de ingredientes activos, continuamente, para a súa posta no mercado.

O tratamento de sementes ten como gran vantaxe evitar a aplicación excesiva de produtos químicos nas plantacións e obter mellores rendementos nos cultivos, co que se aumenta a fortaleza da semente sen

necesidade de aumentar a superficie cultivada. Por estes motivos, a aplicación destes produtos nas sementes contribúe tamén á sostibilidade. Este tipo de produción está concentrada en dúas das fábricas de Syngenta en Europa: unha en Saint Pierre, na Alta Normandía (Francia), e outra no Porriño (Galicia), a cal concentra unha elevada porcentaxe desta tipoloxía de produtos, principalmente con actividade funxicida e insecticida.

Este rango de produtos foi inserido no Porriño no ano 2006, cunha produción anual de 300 toneladas. A demanda foi aumentado, multiplicándose por dez a produción nesta fábrica, ata chegar ás 3.500 toneladas no ano 2016. A día de hoxe, a nosa previsión para decembro de 2021 é que a demanda dos mercados que abastece a planta do Porriño alcance as 6.000 toneladas/ano e que se manteña nos vindeiros cinco anos.

Tendo en conta a evolución dende o inicio desta produción, xa a mediados do 2019 se considerou necesario acadar unha solución para incrementar a capacidade de produción das nosas liñas co obxectivo de dispor de capacidade libre para atender demandas imprevistas ou continuos incrementos de demanda.

A proposta para esta solución axustouse ás premisas seguintes:

- Os clientes non queren comprar por adiantado, así que foi necesario aumentar a capacidade sen pre-producción nin incrementar o stock.
- A calidade das formulacións debía manterse; por tanto, había que estudar ben os posibles efectos dos cambios nas instalacións.
- A demanda é cambiante e o rango de produtos é moi amplo, era preciso pensar en como reducir o tempo destinado ás limpeza entre cambios de formulación.
- O resultado das limpeza entre distintos produtos tiña que seguir cumprindo con altos estándares de calidade para evitar contaminacións cruzadas.
- O deseño debía permitir manter ou reducir o consumo de auga e enerxía por tonelada producida.
- Era preferible non aumentar a ocupación do chan dentro das instalacións para non aumentar desprazamentos, traslados de cargas etc.
- Debíanse manter ou mellorar as condicións de seguridade da planta. Un factor moi importante é que o incremento de volume de produción implica aumento proporcional de movementos de cargas, circulación de carretillas e manipulación de produtos químicos, con todos os riscos que comporta.
- Calquera solución debía permitir manter a planta actual a pleno rendemento para continuar dándolles mellor servizo aos clientes.



Bombas con maior caudal e cun acceso axeitado acorde á ergonomía.



Equipo do Proxecto Trisquel xunto a novo muíño co dobre de capacidade.

Con todas estas premisas, fixouse como obxectivo un incremento do 15 % de capacidade na planta do Porriño. Co propósito de acadalo da forma máis exitosa posible, en outubro de 2019 naceu o Proxecto Trisquel, coa creación dun equipo multidisciplinar con presenza de persoal de produción. Para definir este proxecto, utilizáronse ferramentas de mellora continua, como por exemplo:

- PDCA: acrónimo de Plan – Do- Check- Act ou Ciclo de Mejora Continua.
- Paseo polo Gemba.
- Fishbone: ferramenta para crear un diagrama que axude a identificar e visualizar as causas dun problema.
- Talleres de traballo multidisciplinar.

A través dunha serie de reunións semanais, analizáronse os atascos das liñas de produción con fin de acadar as solucións máis axeitadas para mellorar a eficiencia do proceso produtivo. Desta análise naceu a necesidade de adquirir unha serie de equipos novos que implicarían unha modificación importante nesta sala de produción, entre os cales cabería destacar.

- Novo muíño con dobre capacidade.
- Superdepósito intermedio para acumulación previa ao envasado.
- Novo forno.
- Bombas con maior caudal cun mellor acceso que facilite a ergonomía.
- Extensión da superficie en planta superior para acumulación de segregación de produtos sólidos.
- Barreira volteadora automática que permita o intercambio de palés en alturas de forma segura.

Baseándose nun fluxo de traballo que tivo como prioridade a seguridade e a saúde, realizouse de forma conxunta un deseño idóneo para mellorar a operatividade da liña cunha avaliación de riscos dos procesos industriais levados a cabo nela.

Outra clave deste proxecto foi a súa implementación sen ocasionar paradas de produción, co fin de non demorar ningunha entrada de produto aos nosos clientes. Desta maneira, o proxecto levouse a cabo en catro fases.

- 1 Parada durante o período de Semana Santa, obra civil para axeitar o terreo aos novos equipos.
- 2 Peche de verán, instalación de novos equipos como o novo muíño e bombas.
- 3 Instalación dun novo superdepósito intermedio, en paralelo coa produción en marcha.
- 4 Peche de Nadal 2020, extensión da plataforma do piso superior para gañar espazo para almacenamento transitorio de sólidos na sala, ademais da instalación do novo forno para gañar capacidade de quentamento de materiais.



Superdepósito intermedio.

Todas estas fases remataron no tempo previsto, cumprindo co prazo establecido e sen ningún incidente de seguridade en obra. Ademais, durante a posta en marcha da liña modificada non se presentaron problemas de calidade destacados, o que permitiu obter, de forma case instantánea, un incremento do 30 % de capacidade na liña, asegurando a conformidade dos nosos produtos segundo os estándares de calidade aplicables.

Podemos dicir con orgullo que en tan só 15 meses dende que se propuxo a idea inicial non só acadamos o noso obxectivo de aumento de produción, senón que o duplicamos, e o que é máis importante, eleváronse os estándares de calidade, de seguridade e de medio ambiente nesa liña de produción.

O noso agradecemento e felicitación dende aquí ao persoal que contribuíu a este éxito. Esperamos contar con máis proxectos no futuro que permitan satisfacer os nosos clientes e contribuír á mellora da sostibilidade e seguridade no traballo.



ÁRBORES SINGULARES OU EMBLEMÁTICAS DE GALICIA

Feixoa (*Acca sellowiana*, L.)



Feixoa na Finca Castroviejo, Tiran

A Feixoa é unha árbore froiteira de orixinaria de América do Sur (sur de Brasil, Arxentina, Colombia, Uruguai) da familia *Myrtáceas*. Coñecida como o "Guayabo do Brasil", o nome xenerico *Acca* procede do seu nome nativo suramericano "aca". O epíteto específico *sellowiana* fai referencia á Friedrich Sellow (1789-1831), un naturalista e viaxeiro alemán que recadou plantas no Brasil e o Uruguai.

Descrición e ecoloxía

A árbore non adoita ser moi alta, de aspecto lixeiramente arbustivo. As ramas son esbrancuxadas e laúdas, aínda que co tempo van perdendo os peliños. A cortiza lisa, de cor castaña avermellada, tórnase gris-pálida, áspera e algo escamenta cos anos. Follas opostas, enteiras, pecioladas, de forma ovalada ou elíptica. Son de textura coriácea, de cor verde escura na face e branca polo envés debido aos pelos que posúe.

Florece durante todo o ano se o clima o permite. En Pontevedra a floración comeza a finais de maio e pódese estender mesmo ata principios de xullo. As súas flores son duns 3 cm

de diámetro, de pétalos vermellos e estames vermellos e sobresaíntes. Cando maduran, forman uns froitos carnosos, ovoides, de 3-4 cm de diámetro, de cor verde escura, que presentan un gran número de sementes no seu interior. A maduración dos froitos ocorre de outubro a novembro dependendo das variedades. Na mesma árbore pode haber froitos con diferente grao de maduración.

A feixoa clasifícase dentro dos cultivos subtropicais, con bo crecemento a diferentes temperaturas. Toleran ben o frío por baixo de 0 °C, aínda que as xeadas de outono poden afectar os froitos. Gusta de chans varia-

dos -areosos ou arxilosos-, pero sempre ben drenados, e prefiren unha exposición solleira ou a media sombra. Precisa de regas periódicas, especialmente no verán, se queremos produción de froitos de bo tamaño. Dáse moi ben no sur de Galicia, onde pode acadar bos tamaños e unha boa produción de froitos. Tolera mal os ventos fortes, xa que a súa madeira é moi flexible e quebradiza.



Boton floral da Feixoa

Usos

O seu froito é rico en vitaminas B1, B2, B3, B6, B9 e C, ademais achegan minerais como o calcio, magnesio, potasio, zinc, fósforo e sodio. O seu contido en flavonas e citoquinas confirenlle propiedades anticancerixenas. Beneficia as glándulas tiroides polo seu contido en iodo. Posúe unha concentración alta de antioxidantes. Axuda a combater o cansazo e a fatiga muscular debido ao grupo de vitaminas B e ao magnesio. Contribúe a diminuír os niveis de colesterol pola súa concentración en pecti-

nas. Axuda a combater problemas de hipertensión. Ten actividade antibacteriana e antifúnxica fronte á bacteria estomacal *Helicobacter pylori*.

Os froitos pódense consumir en cru ou preparados como bebida con auga ou leite, compota e marmelada. Á parte da súa finalidade gastronómica, a feixoa tamén é usada para elaborar produtos da nutrición e da área da cosmética.



Outras curiosidades

As feixoas foron introducidas en Europa por Francia, a mediados do século XIX. Posteriormente comezaron a cultivarse en España, concretamente en Galicia e en Cataluña, onde se coñecen árbores desa antigüidade.

Inicialmente a súa expansión estaba relacionada coa beleza das súas



Flor da Feixoa



Froito da Feixoa

flores, polo que o seu uso foi máis ornamental. Porén, no estado norteamericano de California e, especialmente, en Nova Zelandia, foi onde se iniciou a posta en valor do seu froito. A partir do ano 1920 comezou o cultivo de plantas obtidas por semente e a selección das variedades baseándose na calidade e tamaño do seu froito.

Árbores senlleiras

As feixoas foron introducidas en Galicia, ao igual que no resto do Estado, aproximadamente nos anos 30 do século pasado. Poucos exemplares "senlleiros" foron quen de chegar aos nosos días. Porén, aínda se poden visitar na provincia de Pontevedra algunhas árbores da antiga propiedade de Carlos Alonso (hoxe parcialmente urbanizada) na zona da Ponte Nova, a carón do parque de Castrelos, en Vigo.

Tamén sobreviven actualmente uns valiosos exemplares na finca pro-

pietade da familia do escritor Jose María Castroviejo, en Tirán, Moaña. Na Estación Fitopatolóxica do Areiro, que a Deputación de Pontevedra ten na zona de Lourizán, en Pontevedra, existe un cultivo con diferentes variedades de feixoa. Nestas plantacións, dende hai anos, véñense realizando estudos de adaptación das plantas aos solos e ás características climáticas de Galicia, así como a avaliación dos seus parámetros de produción e calidade.



Feixoas no Parque de Castrelos

Obsérvase as diferenzas de forma, tamaño e pel desas dúas variedades de Feixoa






O OFICIO DE CESTEIRO

Autor: Xosé Lois Ripalda

A cestería en Galicia: zonas históricas de produción

O oficio da cestería era un dos máis tradicionais que se izaban en Galicia aínda que pola calidade precedeira dos materiais empregados e as condicións de lentura e acedume do solo fan que apenas haxa trazas do devendito oficio e só poidamos saber del a través de testemuñas como son toda a tradición de enfeites na cerámica, onde esta a base do cordado. O teito das casas castrexas nos indican a existencia dunhas cubertas feitas con vara entretexidas como se comprobou nos castros de Cameira e de Río. Se sabe que o tecido de varas servía para armadura de pequenas embarcacións que despois se cubrían de coiro. O historiador grego Estrabón nos di que para lavar as areas dos ríos e acadar ouro se usaba un tipo pequeno de cesto chamado queipo. Os escudos feitos de tecido de vara se cubrían de coiro igual que as embarcacións Tamén hai que procurar a orixe do oficio nos cabaceiros e os canizos dos carros feitos con tecido de varas.

En canto as zonas históricas da cestería en Galicia se poden sinalar as seguintes:



Coruña

- 1.- Pontes de García Rodríguez
- 2.- Ordes
- 3.- Pino
- 4.- Padrón
- 5.- Cee
- 6.- Mazaricos

Lugo

- 1.- Viveiro
- 2.- Cadramón
- 3.- Guitiriz
- 4.- Samos
- 5.- Chantada

Ourense

- 1.- Valdeorras,
- 2.- Chandrexa de Queixa
- 3.- Viana do Bolo
- 4.- Carballada de Avia
- 5.- Allariz
- 6.- Verín


Pontevedra

- 1.- A Estrada
- 2.- Barcia de Mera
- 3.- Mondariz
- 4.- O Rosal

Materiais empregados

Entre os materiais usados polos cesteiros están o vimbio moi espallado por toda a Nosa Terra das que existen varias especies que se distinguen pola cor da súa pel amarela, aceitunada ou negra, que se utiliza en gran maneira por mor da súa flexibilidade e correa. Non obstante en Galicia hai outros arbustos e árbores de semellante dutibilidade que se empregan para a elaboración de cestos, como o carballo pola súa madeira dura e resistente. O salgueiro flexible e branda. O freixo para os entramados pola súa madeira dura e pouco maleábel. O bidueiro aínda que pouco duro porén resistente e tamén elástico.

A cerdeira que se utiliza para facer os fondos dos cestos e asas. Outras árbores son: ameneiros, avelairas ou acacias. Os cereais: trigo, centeo e avena vencellados a agricultura son tamén materia prima para a cestería ao aproveitar os seus talos. Deles o máis empregado é o trigo por ser o máis resistente. Entre os motivos que contribuíron a desaparición da cestería de cereais está a mecanización da sega que os deixa inserviveis para esta práctica. As silvas cos seus espiñosos sarmientos, unha vez procesados, son de grande utilidade na cestería. Os xuncos é un material na actualidade desaparecido do que se facían corzas. Outro dos materiais e a cana que igual que o xunco se atopa en retroceso ao non ser doado acadar esta materia prima polo que se pode dicir que está desaparecida.



Carrexador con cesto e fulleiro na cabeza


O cesteiro para facer as súas labores necesita unha serie de ferramentas cuxos nomes varían dunha zona a outra entre elas podemos salientar as seguintes. Machada con mango de madeira curto. Fouce de fender para esgazar as tiras de madeira. Podón de menor tamaño que a fouce de fender. semellante a usada na vendima para cortar os acios. Ferro de furar en frío afiado por ambos lados a modo de coitelo. Ferro de afiar en quente que se distingue do anterior por ter un mango longo. Coitela lámina de metal un tanto curva co gume na parte interna e dous mangos perpendiculares nos seus extremos.

Rechegador pequeno taco de madeira de buxo cun lado plano e circular e con outro cóncavo. Mazo, martelo de madeira de sobreira ou de freixo de forma cilíndrica semellante a empregada para mazar o


liño. O burro coa misión de amarrar as vergas e servir de apoio para o seu cepillado que pode ter varias formas. Así labradoiro, usado nos Ancares, formado por unha táboa de sección rectangular e dúas travesas a distinta altura de xeito que a táboa quede inclinada suxetando a verga entre o travesero superior e o labradoiro apoiándose o extremo inferior deste na andorga do cesteiro. Cabalete que consiste nun madeiro que se vai estreitando ata quedar reducido a metade e que acouga en dúas táboas verticais e outra transversal armadas con vergas.

Outra variante do burro e o banco que leva no extremo un punto de apoio para o burro.este punto de apoio que pode ser unha simple pola que se bifurca en dúas e entre elas se asenta o burro asegurandoo cun pao horizontal.


APARELLOS DO CESTEIRO



Burro



Banco



Cabalete

FERRAMENTAS DO CESTEIRO

1.- Machado

2.- Maza

3.- Coitela

4.- Podon






5.- Fouce

6.- Rechegador

7.- Macelo

8.- Ferro de furar en frio


9.- Ferro de furar en quente




Tipos de cestos as súas orixes e usos

Os tipos de cestos están vencellados coa agricultura e as súas formas varían segundo sexa o seu uso así dentro da devandita actividade están os paxes de Viveiro os peselos dos Ancares. Na sementeira se utilizan cestos pequenos con asa que se levan pendurados do brazo, recibindo os nomes. segundo as zonas, de: caipos, carabeles, megos ou gamelos. Para a recoleita se empregan os goxos, que na zona de Melide, se utilizan para millo e as castañas. As banastras, paxes ou carral para as patacas ou as uvas. O peso para recoller os ourizos o paxo maceiro para as mazás. O muñico na zona de Vigo para acarrexar as espigas ao hórreo. Entre os cestos dedicados a agricultura hai que salientar o cesto culeiro que na zona do Ribeiro e noutras bisbarras de Ourense e de Lugo se utiliza para acarrexar as uvas as adegas. Para levar produtos a feira están os megos ou canastres os paxes na bisbarra de Ordes o banestrilla do Rianxo. Na zona de Viveiro se utilizan o paxo das cunchas para recoller este produto. Vencellados a agrigultura están as gaiolas chamadas paxareiras na zona de Cededa ou pitieiras no Val do Dubra. Na provincia de Lugo para a caza do coello se utiliza o cestín do furón.


Nas tarefas do mar os cestos son tamén moi importante así o palengre onde se gardan estes aparellos. Para descargar e lavado do peixe se utilizan cestos grandes como a banastra. paxe ou canastro e no transporte e



Culeiro




Banastra




Peselo


venta do peixe a patela. Na pesca fluvial os pescadores usan pequenos cestos chamados carabelos quei-
pos ou cesto troiteiro. Son diversos os oficios que teñen o cesto como complemento así os albanéis usan os moñicos ou mouchos. No Caurel o transporte de mineral facíase en cestos chamados venaqueiros. Os zoqueiros para levar as ferramentas empregan o cesto de nome o galocheiro. Os viñateiros utilizan o cesto bagulleira para recoller o bagullo do mosto e así empidirlle caer no pio. As costureiras gardaban fios e agullas no banastrillo. As lavandeira recollen a vistentima luxada no cesto chamado o da roupa.



Cesto da roupa



Canastra



Paxe



Seira

A cestería e o comercio de cestos no rural

Entre os medios de comercialización dos cestos basicamente se poden distinguir tres. Comercialización en feiras das bisbarra, era un tipo de venta que empregaban toda clase de cesteiros en especial naquelas feiras tan marcadas como as de trasfego de abonos no inverno e primavera. a colleita estival de grans e de patacas ou a outoñal de uvas e castañas. Venta e fabricación trashumante, aquela na que os cesteiros percorrían aldeas e vilas coa ferramenta necesaria para traballar fabricar novos cestos ou remendar os vellos que

nos distintos lugares lle pedían. Venta de armadores que tiña lugar nos grandes peiraos como Vigo e A Coruña estando dedicada ao mundo da pesca e do mar sendo o máis importante da súa produción, na maioría dos casos. vendida directamente aos armadores e deixando para as feiras só unha pequena parte. Dentro deste tipo de comercialización hai que salientar certa cestería feita de vimbio que en zonas como Mañufe (Val Miñor) Carral e Arteixo (A Coruña) de moita importancia hai uns anos).

Novas tecnoloxías na produción de cestos


Hoxe en día hai unha técnica. que está de actualidade, na fabricación de cestos que permite combinar os métodos tradicionais de cosido en espiral, torcida ou canasto usando materiais empregados hai milleiros de anos como: xunco, vimbio láminas de madeira, con outros actuais como fibras textís, fieltro, cañamo, corda de iute, algodón ou filamentos de la natural e técnicas como alto lizo, macramé ou crouché. Así se deseñan cestos de todas as cores formas e tamaños e ademais de fusionar deseño tradición, artesanía e moda. Todo isto fai que a cestería volva a estar viva grazas a esta corrente innovadora para o estilo de vida moderna mediante estas novas técnicas que teñen por base as ancestrais combinadas cos novos métodos, sistemas e usos.



Xerra de viño

Os cesteiros mantiveron viva unha actividade aínda que non tiveron unha gran consideración social, o que se ve expresado na súa escasa aparición en censos e catastros, agás dos cesteiros de Mondariz que tiñan un certo sentido gremial chegando a crear unha linguaxe propia para poder entenderse eles en presenza de estraños. Porén no rural galego coas labouras propias do campo fan dos cestos un elemento principal na economía. Non obstante hai que distinguir, entre o cesteiro que traballa nunha dependencia da casa que podía ser cociña, alpendre, palleiro ou espazo cuberto polo balcón- corredor, que alterna coa súa actividade campesiña e que apenas ten incidencia na economía, igual que os produtos que utiliza para a súa subsistencia, do cesteiro profesional que traballa na aldea no propio taller para despois vender os produtos que fabrican na casa en feiras e mercados.

Aldeas deste tipo houbo moitas espalladas por toda a xeografía galega dentro do ámbito de madeira aberta ou de vergas como exemplo Cubeiro (Redondela) Espiñal (A Bola) Vilar de Condes (Carballada de Avia) Pino del Val (Mondariz) Lagares (Pontedeume) Nande (Samos) Cadramón (Valadouro). Este tipo de ventas si tivo incidencia na economía galego pois eran cartos que viñan de fóra que permitían afrontar outras necesidades grazas a esta comercialización.



Cestería do mar, as nasas

Refrans, ditos, cantigas, lendas e contos

Refrans

- ↻ Gabate desto que venderte quero.
- ↻ Quen fai un cesto fai un cento se lle dan vergas e tempo.
- ↻ Amor de nenos auga nun cesto.
- ↻ Millo mesto no cesto e raro na leira e no carro.
- ↻ Viña ao pé do río cesto aos ombreiros.
- ↻ Ano bisiesto nin cuba nin cesto.
- ↻ Despois da vindima sempre quedan cestos.
- ↻ Ata lavar os cestos todo é vindima.
- ↻ Amor de amos, auga en cesto
- ↻ Auga en cesto, amor de nenos e vento de cu todo é un
- ↻ Ano bisiesto doce meses dificies para o cesto.
- ↻ Leite fresca peido no cesto.
- ↻ Cando a rula rular coller o esto e ir sementar.
- ↻ Amendoeiro en xaneiro non chega ao cesto.
- ↻ Cestos onde aniñan os ratos enchense de buratos .
- ↻ Vergas de salgueiro ledicia para o cesteiro.
- ↻ Mellor un cesto de amieiro que de cerdeira.
- ↻ As brevas na bribeira e os cestos na ribeira.
- ↻ Caracois e cestos son indixestos.
- ↻ Ano bisiesto fame no cesto.
- ↻ Cesta patela arromba máis que leva.
- ↻ Quen fixo un cesto que faga o aro.
- ↻ O millo tascado enche o cesto e o ferrado.
- ↻ Agosto enxoiito castañas no cesto.
- ↻ Uns nacen para vindimar e outros para carretar cestos.
- ↻ Cando o verán vén enxoiito o gran fai cesto e o liño estopa.
- ↻ Ao rico non lle leves o cesto cheo que cho devolve valeiro.
- ↻ Se ao hortelán ves pasar colle o cesto e vai mercar.
- ↻ Vimbios para o cesto na beira do río centos.
- ↻ Ano bisiesto sen cuna nin cesto.
- ↻ Ano bisiesto agranda o cesto.
- ↻ Cada cousa no seu momento e os nabos no cesto.

Ditos

- ↻ Seguro como a auga nun cesto.
- ↻ Ter o cu coma un cesto.
- ↻ Estar coma un cesto.
- ↻ Andar de cesta.
- ↻ Cu de cesto.
- ↻ Cesta rota.

Cantigas

- Cando vamos para feira / cos cestos a vender / chamamos pola mulleres / que nolos veñan a ver.
- E son bos cestos / e son, son, son / que coma eles / non hai ningún bon.
- Miren os cestos / e mirenos ben / que como eles / non os fai ninguén.
- Somos probes cesteiros / cestos de compoñer / probiños de nosoutros / ¿como habemos de facer?
- Estudiante que estudias / Sobre da cesta da roupa / Si ti sabes picardías / eu tamén non che sei poucas
- Sardiña de chan de lombo / case brinca no panel / pequeniña. redondiña / así quer ser a muller.
- Vamonos ao mercado / cos cestos a vender /chamamos as mulleres / que nos lo veñen ver / elas moi orgullosas / salen ao mirador / falando polos dedos / palabriñas de amor.
- Un cesterero anda tras de min / eu fuxindo do cesterero / anda cun feixe de varas / e pode tentalo o demo.
- Levamos a bota / para levar o viño / pra levar os ovos / un carabeliño.
- Aínda que botes e rebotes /garabanzos nunha cesta / nunca venciñes batalla / nin has de vencer nesta.
- Tres anos un cesto / tres cestos un can / tres cans un cabalo / tres cabalos un home / tres homes un elefante.
- Con tristeza ocorre / como co arroz na despensa / pois ao sacar un cesto / cada día axiña se acaba.



Cestos ao pé da adeba

PARTES DUN SOBMBREIRO DE PALLA

1.- Curuto

2.- Copa


3.- Borde

4.- Tira de borde

5.- Cintas de enfeite

6.- Fricos

7.- Tira da volta



Lendas

En certo lugar os veciños quixeron facer unha escaleira de cestos que chegase ata o ceo malia cando pensaban que xa acadaran o que se propoñían. esculcaron que lles faltaba un cesto. porén como xa non quedaba ningún se laíaban en gran maneira. Entón o diaño, que sempre está ao axexo para non perder ocasión de aproveitarse dos humanos, se presentou e lles dixo:

– Es podo arranxar o problema traendo o cesto que falta.

Non obstante lle dixo un dos veciños:

– Porén ti endexamais fas nada sen pedir algo a cambio.

– Pois non che falta razón e pido a alma de cada un de vós.

Ante a resposta os veciños quedaron moi contentos polo que dixo un deles:

– Este diaño senón é parvo pouco lle falta xa que unha vez que estemos a porta do ceo imos entrar decontado.

E así sucedeu malia ao atoparse co porteiro do ceo lles dixo:

– Non podedes entrar xa que só o poden facer os que teñen alma pois a vosa a vendestes ao diaño así que ide para xunto de quen vola mercou.

E que nunca foi doado enganar ao diaño.

Conto

Segundo se conta houbo un cesteiro un tanto peculiar pola razón que cada mes só facía un determinado número de cestos por riguroso turno de pedido e se algun chegaba tarde se limitaba a dicirlle:

– Xa está completo o cupo.

Por iso entre outras cousas sempre andaba de rifa cos seus veciños así un día lle dixo un:

– Eu che pedín me fixeras uns cetos como ao meu veciño non obstante sendo o mesmo número a el lle fas un desconto no precio e a min non.

Ao que lle respondeu o cesteiro moi tranquilo:

– Mira cando volvas para a casa e pases pola leira de carballos do teu veciño, que che queda en camiño, poderás saber a razón.

Así o fixo o veciño e así o home esculcou abraiado que apenas quedaban carballos.

Entón dixo asorado:

Madia leva! O desconto, visto así, resulta demasiado caro.



Os cabaceiros



NOVO CERTAME CONVOCATORIA ANO 2022

TEMA: “Os faros e os fareiros”

SYNGENTA, continuando coa tradición deste “Almanaque” de rescatar anacos da cultura Noroeste, establece para este ano un novo certame dotado cun **PREMIO DE 750 €** ao mellor traballo sobre “Os faros e os fareiros”.

O traballo gañador publicárase na próxima edición do “Almanaque agrícola ZZ”.

BASES DO CERTAME

- 1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e da compañía e os seus familiares directos.
- 2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a **Syngenta España SAU, A Relva, s/n, 36400 O Porriño (Pontevedra)**. Referencia “CONCURSO” antes do 15 de outubro de 2022. Os traballos achegados non serán devoltos e a compañía poderá empregarlos para outras publicacións da mesma.
- 3) Os traballos han de estar redactados no idioma galego normativo, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (e-mail, memoria portátil,...). Admitiranse traballos informáticos, que serán enviados á ligazón contacto.marketing@syngenta.com, e deberán versar sobre os seguintes aspectos.
 - Historia dos faros en Galicia.
 - Tipos de faros e sinais marítimas.
 - Materiais e ferramentas usadas polos fareiros.
 - Traballos de mantemento dos faros.
 - Vida cotiá no faro.
 - Refrás, ditos, cantigas, lendas ou pequenos contos relativos a esta actividade.

Nota: no apartado gráfico valoráranse só gráficos ou debuxos inéditos, non admitíndose fotografías baixadas de internet.

- 4) O xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a partir do 1º de novembro de 2022.

Novo Karate Zeon Plus

fixate ben, porque agora é 1.5 CS

PLUS

sensiblemente
mellor

Máis seguro,
máis práctico
e máis rendible.



 **Karate Zeon+**[®]
1.5 CS

syngenta.

Un pequeno detalle. Unha gran diferenza.



As novas Castas de Vide

A variedade "Ratiño"

Sinomimias: Cajarrento

1. Antecedentes

García de los Salmones (1914) cítala como cultivada en Boiro.

2. Situación actual

Non está contemplada no Rexistro de variedades comerciais, nin no regulamento das DD.OO. para a elaboración de viños. Localizáronse cepas centenarias na zona de Boiro.

3. Descrición morfolóxica


Pámpano novo

O pámpano novo presenta a extremidade aberta con peluxe tombada de densidade media e pigmentación reberetada de intensidade débil. A cara dorsal dos entrenús e nós é verde e vermella, e a ventral é verde. As xemas presentan pigmentación antociánica na base da bráctea e de intensidade débil.



Folla nova

A folla nova é verde con peluxe tombada de densidade media.



Folla adulta

A folla adulta de cor verde media presenta tamaño medio e forma pentagonal, con tres lóbulos; peluda, con densidade media de pelos tombados entre e sobre os nervios principais do envés; perfil plano; limbo con avultamento e inchazón débil; presenza de pigmentación antociànica que alcanza a primeira bifurcación; dentes de lados rectilíneos, de lonxitude curta en relación á súa anchura; seo peciolar semi-aberto, coa base en forma de U limitada nun dos lados pola nervadura; seos laterais superiores abertos coa base en forma de V; peciolo lixeiramente máis curto que o nervio principal.



Acio

O acio é cónico, curto, de anchura e compacidade media e con presenza de 1 ou 2 ás. O pedúnculo é de lonxitude media.



Bago

O bago de cor verde amarela presenta forma elíptica curta.



Descrición tomada da:

A colección de vides da estación de viticultura e enoloxía de Galicia Consellería do medio rural Xunta de Galicia.

Agradecimento:

D. Manuel Cancela de Agrobarro.



Boa uva, **bo** viño

O teu mellor aliado fronte á botrite e asperxilo



Ao final, o que de verdade importa é a calidade



syngenta.



© 2018 Syngenta. Todos os dereitos reservados.
™ y ® son marcas comerciais do Grupo Syngenta.
Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.
Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto antes de uso.






O TEMPO

Durante o decorrer do mes agárdanse ceos moi atoadados que poderán provocar bancos e brumas de néboa, acadando maior intensidade no interior. Un vento nordés xélido soprará e arrousará nubes medias e baixas que darán lugar a chuvias que poderán ser de auganeve xeneralizadas, aínda que con meirande viveza na beiramar e zonas de montaña. En moitos lugares do interior aparecerán importantes xeadas. Malia todo, rematará o mes con mornas xeiras e ceos despexados de escintilante sol e noites estreladas, é dicir, as acostumadas "Xaneiras". O mar será rexo, revezando con picada.



"En xaneiro mellor carballo que castiñeiro"
"Polo San Vicente planta os nabos da semente"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2021)	13,0	2,2	7,2	17	154,0
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2021)	11,0	4,6	8,0	19	311,1
Lugo	Campus Lugo (2000-2021)	10,6	1,2	5,1	13	85,7
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2021)	12,4	6,3	9,2	15	123,2
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2021)	9,9	2,8	6,0	8	93,6
	Ourense (2005-2021)	12,0	1,4	5,5	7	73,7
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2021)	11,9	0,3	5,0	12	133,2
	Corón-V. de Arousa (2002-2021)	13,3	7,0	10,0	9	115,6

1 S. **Nai de Deus.** S. María.
1953. Publícase o primeiro número do Almanaque agrícola ZZ. Sempre en idioma gallego normativo, é un manual agrario de carácter técnico, etnográfico, e con diversos contidos vencellados a sabiduría popular. 100.000 exemplares de tirada anual.

2 D. Ss. Basilio; Gregorio.



Lúa Nova

3 L. S. Xenoveva.

4 M. Ss. Iolando; Rigoberto.
1882. Sae á rúa o primeiro número de La Voz de Galicia.
1922. Pepe Da Pena (José Cerviño García), morre en Cotobade, un dos mellores santeiros (construtores de cruceiros).
1977. Lei sobre a reforma do Rexistro Civil para traducir os nomes propios ó galego.

5 M. S. Emilia.
1976. Créase o Consello de Forzas Políticas.

6 X. **A Epifanía. Os Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar.**
Ss. Wilma; Melanio.

7 V. S. Raimundo.
1950. Morre Castelao en Bos Aires.

8 S. Ss. Luciano; Eladio.
1979. Fúndase en Barcelona Edicións Sotelo Blanco.

9 D. **Bautismo do Señor**
S. Lucrecia.



Cuarto
Crecente

10 L. S. Gonzalo.

11 M. S. Alexandre.
1533. A Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda aumentar dúas provincias: A Coruña e Tui.
1859. Nace en Carballo Alfredo Brañas.

12 M. S. Xulián.
1912. Nace en Celanova o escritor Celso Emilio Ferreiro.

13 X. S. Hilario.

14 V. S. Félix.

15 S. Ss. Raquel; Amaro.

16 D. S. Marcelo.

17 L. Ss. Antón Abade; Guido.

18 M. Ss. Prisca - Priscila.



Lúa Chea

19 M. S. Mario.

20 X. Ss. Sebastián; Fabián.
1765. Inaugúrase na Coruña a Academia de Agricultura.

21 V. S. Inés.

22 S. Ss. Laura Vicuña; Vicente.

23 D. S. Virxínia.

24 L. S. Francisco de Sales.

25 M. S. Elvira.



Cuarto
Minguante

26 M. Ss. Timoteo; Tito; Guimara;
Ansurio; Viliúlfo.

27 X. Ss. Ánxela Merici.

28 V. S. Tomé de Aquino.
1731. Primeira sesión da "Academia Literaria Compostelana", presidida por Pablo Mendoza de los Ríos.
1902. Nace o pintor Urbano Lugrís.

29 S. S. Valerio.
1899. Nace en Rianxo o escritor Rafael Dieste.
1930. Morre o poeta Manoel Antonio.

30 D. S. Martiña.
1886. Nace en Rianxo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

31 L. Ss. Xoán Bosco; Marcela.
1809. Ocupación de Vigo polas tropas francesas.
1820. Nace en Ferrol Concepción Arenal.

Febreiro






O TEMPO



O mes presentarase con días de ceo nubrado e cuberto, con chuvias e con maior frecuencia no norte, que revezarán con días claros. As xeadas predominarán no interior, podendo acadar certa intensidade en zonas de montaña. O vento será do norte, con moita friaxe. Polo xeral, o mes traerá coriscadas, neve nos curutos dos montes e cheas nos ríos a causa de chuvias fortes, polo que ten ben gañada a sona de toleiro. Porén, haberá días claros con solleiras, aínda que sexan un tanto esquivas. O mar irá á par co mes, amosarase bravo, con días moi alporizados.

*"A neve febreiriña vaíse axiña"
"Bo xaneiro, mal febreiro"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2021)	16,5	4,5	10,0	9	72,8
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2021)	12,6	4,3	7,7	13	229,3
Lugo	Campus Lugo (2000-2021)	15,4	1,4	7,6	6	65,4
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2021)	15,7	6,8	11,0	6	56,0
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2021)	14,3	5,3	9,2	5	59,6
	Ourense (2005-2021)	17,5	2,7	8,9	4	43,9
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2021)	14,8	1,1	7,8	8	77,5
	Corón-V. de Arousa (2002-2021)	15,3	7,8	11,3	8	61,5

1 M. S. Severiano.


Lúa Nova

2 M. S. Candeloria. Presentación do Señor.

3 X. Ss. Brais; Óscar; *Francisco Blanco*.
1807. *Nace en Ferrol o pintor Pérez Villaamil.*

4 V. S. Xilberte.
1135. *Fundación do mosteiro de Aciveiro (Forcarei).*
1864. *Nace en Betanzos Salvador Cabeza De León.*
1893. *Morre en Vigo Concepción Arenal.*

5 S. S. Ádega.

6 D. Ss. Doris; Paulo Miki.

7 L. S. Gastón.
1876. *Primeiro número da publicación O Tío Marcos da Portela, totalmente en galego, dirixido por Valentín Lamas Carbajal.*

8 M. Ss. Xerome Emiliano; Xacoba.
1835. *Nace en Ponteceso o escritor Eduardo Pondal.*


Cuarto Crecente

9 M. S. Rebeca.

10 X. S. Escolástica.
1810. *Motín obreiro en Ferrol capitaneado por Antonia Alarcón.*
1890. *Naufraxio do buque inglés The Serpent ó carón do Cabo Vilán.*

11 V. Nosa Señora de Lurdes.
1885. *Nace na Coruña o escritor Wenceslao Fernández Flórez.*

12 S. S. Pamela.

13 D. Domingo de Septuaxésima.
S. Beatriz.

14 L. Ss. Cirilo; Valentín.

15 M. Ss. Fausto; Xurxa.
1765. *Sae á rúa o xornal La Región.*

1944. *Constitución do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.*

16 M. S. Samuel.


Lúa Chea

17 X. S. Aleixo.


18 V. S. Bernarda.

19 S. S. Álvaro.
1949. *Fundación de Cerámicas do Castro.*

20 D. S. Clodio.

21 L. S. Severino.
1900. *Morre en Compostela Alfredo Brañas, político e economista.*

22 M. Ss. Eleonora, Nora.

23 M. S. Florencio.

Cuarto Minguante
1908. *Nace en Botos (Lalín) o pintor José Otero Abeledo "Laxeiro".*

24 X. Ss. Rubén; Serxio.
1837. *Nace en Santiago Rosalía De Castro.*
1985. *Comeza a emitir a Radio Galega.*

25 V. Ss. Néstor; Sebastián de Aparicio.
1861. *Nace en Pontevedra o pianista Carlos Sobrino.*

26 S. S. Augusto.

27 D. S. Leandro.

28 L. S. Román.
1981. *Morre en Vigo o escritor Álvaro Cunqueiro.*

Marzo

O TEMPO








Este mes pódese considerar curmán do anterior, pois preséntase moi desigual, ata o punto que uns días serán de cara de rosa e outros de cara de can. Así, o vento será refoleado e re-buldeiro, e traerá nubes cangadas de golfaróns do Atlántico que zarrapicarán auga a montes e fontes, como se di, dando lugar ás consabidas "Marzadas". As xeadas poden acadar toda a bisbarra, aínda que menos intensas na costa. A neve chegará a callar no cimo dos montes. Porén, entre tanta malixe haberá días con sol, propios do mes. O mar presentarase con vagallóns.

"Abella vella que en marzo alca en marzo morre"

*"Alá vén noso irmán marzo que nos fará andar con farrapiños
debaixo do brazo"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2021)	17,1	3,9	10,5	8	79,2
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2021)	14,7	5,4	9,4	14	221,5
Lugo	Campus Lugo (2000-2021)	16,6	2,8	9,2	9	84,7
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2021)	14,9	7,6	11,4	8	47,0
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2021)	16,7	5,0	10,1	6	78,4
	Ourense (2005-2021)	20,0	4,0	11,2	6	72,0
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2021)	16,3	1,1	8,4	7	100,6
	Corón-V. de Arousa (2002-2021)	16,5	9,0	12,6	8	95,3

1 M. **Martes de Entroido.**
S. Rosendo.
1493. *Arribada da caravela La Pinta ó porto de Baiona, pilotada polo pontevedrés Sarmiento.*

2 M. **Mércores de Cinza.**
S. Lucio.
1886. *Nace na Coruña o compositor Eduardo Rodríguez Losada.*

3 X. S. Celidonio.

4 V. Ss. Ariel; Capitón.
1889. *Nace en Cambados o escultor Francisco Asorey.*
1936. *Morre o galeguista Antón Vilar Ponte.*

5 S. S. Olivia.
1888. *Nace en Ourense Ramón Otero Pedrayo.*

6 D. S. Elcira.
1856. *Banquete intelectual de Conxo, con Pondal e Aurelio Aguirre.*

7 L. Ss. Perpetua; Felicidade.
1908. *Morre en Cuba o escritor Curros Enríquez.*
1909. *Nace en Santiago Xosé Mª Castroviejo.*

8 M. S. Xoán de Deus.
1917. *Morre na Coruña Eduardo Pondal.*

9 M. S. Francisca Romana.
1695. *Nace no Bierzo Frei Martín Sarmiento.*

10 X. S. Macario.
1944. *Editase en Bos Aires Sempre en Galiza de Castelao.*
1965. *Morre en Belesar o derradeiro guerrilleiro da Resistencia Galega Xosé Castro Veiga "O Piloto".*

11 V. S. Eulolio.

12 S. S. Norma.

13 D. S. Rodrigo.

14 L. S. Matilde.

15 M. S. Luísa de Marillac.

16 M. S. Heriberto.

17 X. S. Patricio.
1960. *Morre en Madrid o pintor Álvarez De Sotomayor.*

18 V. S. Cirilo.
1897. *Nace en Pontecesures o pintor Carlos Maside.*

19 S. S. Xosé.
1847. *Fúndase o "Círculo de Artesanos" a prol do desenvolvemento cultural de Galicia.*

20 D. S. Alexandra.
1886. *Nace en Mugardos o pintor Felipe Bello.*

21 L. S. Uxia.
1874. *Nace na Coruña o músico Andrés Gaos.*

22 M. S. Lea.
1992. *Morte do poeta Antón Avilés De Taramancos.*

23 M. S. Dimas.


24 X. Ss. Elba; Catarina de Suecia.

25 V. S. Anunciación.
1990. *Morre en Santiago Ricardo Carvalho Calero.*

 Cuarto Minguante

26 S. S. Braulio.
1930. *Pacto de Lestrove.*

27 D. S. Ruperto.

 Cambio horario (Adiantarase o reloxio 1h)

28 L. S. Octavio.
